



**CONCELLO DE VIGO**  
**CONTRATACIÓN**

**ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE DECEMBRO DE 2016**

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 09:00 horas do día 9 de decembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidentes:** D. David Regades Fernández

**Vocais:** D. Pablo Olmos Pita  
D<sup>a</sup>. Catalina Alfayate Rodríguez  
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela  
D. José Ángel Otero Lamas

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

**1.- Aprobación de actas**

**a) Acta da sesión do 5 de decembro de 2016**

Non se aproba por falta de quórum.

**2.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, por acordo do 16 de novembro de 2016, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L.
2. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
3. ORECO, S.A.
4. COPCISA, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.
7. MISTURAS, S.A.
8. EXTRACO, S.A.
9. ESPINA Y DELFIN, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Durante o prazo concedido, que remataba o 19 de novembro, presentaron documentación as seguintes empresas:

1. COPCISA, S.A.
2. MISTURAS, S.A.
3. EXTRACO, S.A.

Recibida a citada documentación deuse traslado ao responsable do contrato.

Con data do 5 de decembro de 2016 o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos emite informes sobre a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas presentadas por COPCISA, S.A., MISTURAS, S.A. e EXTRACO, S.A. nos que se fai constar *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

En base aos anteriores informes a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440), dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L.
2. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
3. ORECO, S.A.
4. COPCISA, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.
7. MISTURAS, S.A.
8. EXTRACO, S.A.
9. ESPINA Y DELFIN, S.L.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que, por acordo do 2 de novembro de 2016, se iniciou o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP cos seguintes licitadores:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ, S.L.
3. ORECO, S.A.
4. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
5. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO S.A. - ALVAC
6. ELSAMEX, S.A.
7. COPCISA, S.A.
8. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.
9. HORDESCON, S.L.
10. PROYECON GALICIA, S.A.
11. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
12. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
13. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Durante o prazo concedido, que remataba o 7 de novembro, presentaron documentación as seguintes empresas:

1. COPCISA, S.A.
2. ELSAMEX, S.A.
3. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.
4. PROYECON GALICIA, S.A.
5. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
6. ORECO, S.A.

Recibida a citada documentación deuse traslado ao responsable do contrato.

Con data do 5 de decembro de 2016 o enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos emite informes sobre a xustificación das baixas anormais ou desproporcionadas presentadas por COPCISA, S.A., ELSAMEX, S.A., UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U., PROYECON GALICIA, S.A., CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L. e ORECO, S.A., nos que se fai constar *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*, en relación con todas as xustificacións agás coa presentada por ORECO, S.A., respecto da cal fai constar o informe que *“se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 152 do TRLCSP para considerar xustificada a baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

Solicitada pola Mesa a asistencia do enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, D. Jerónimo Centrón Castañón, incorpórase á sesión para explicar a xustificación presentada por ORECO, S.A.

En base aos anteriores informes a Mesa, por unanimidade, acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440), dos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non telos xustificado:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ, S.L.
3. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.
6. COPCISA, S.A.
7. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.
8. HORDESCON, S.L.
9. PROYECON GALICIA, S.A.
10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
11. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
12. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

### 3.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

**procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440) (informe sobre C e proposta clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 5 de decembro de 2016 sobre valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” e proposta de clasificación.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440) (informe sobre C e proposta clasificación)**

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 5 de decembro de 2016 sobre valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” e proposta de clasificación.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) (informe sobre B)**

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a técnica media de Obras Públicas de data 5 de decembro de 2016 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

**4.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos**

**a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440) (informe sobre C e proposta clasificación)**

Acéptase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 5 de decembro de 2016 sobre valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” e proposta de clasificación.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunqueiro (fase 1) (3970-440) (informe sobre C e proposta clasificación)**

Acéptase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 5 de decembro de 2016 sobre valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” e proposta de clasificación.

**c) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Llorente (fase I) (4016-440) (informe sobre B)**

Acéptase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e a técnica media de Obras Públicas de data 5 de decembro de 2016 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

### 5.- Propostas de clasificación

#### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Rosalía de Castro, entre Canceleiro e Serafín Avendaño (4015-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2016 polo que non se admitiu neste procedemento á empresa OGMIOS PROYECTO, SL, por non cumprir os requisitos de presentación das proposicións previstos na cláusula 14.4 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Segundo.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 5 de decembro de 2016:

1. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PEREZ, S.L.
2. UTE NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU E CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
3. ORECO, S.A.
4. COPCISA, S.A.
5. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.
6. CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A.
7. MISTURAS, S.A.
8. EXTRACO, S.A.
9. ESPINA Y DELFIN, S.L.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	93,80
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	93,24
3	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	92,27
4	UTE CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. E CONSTRUMAX DE CONTRATAS, S.L.	92,20
5	NAROM, S.L.	91,36
6	ELSAMEX, S.A.	90,85
7	UTE XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. E CONSTRUCCIONES DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.	90,68



	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
8	UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.	90,54
9	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - MARCONSA	88,85
10	OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.	88,34
11	CONSTRUCCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	86,32
12	UTE ACEVI, SL E MONTAJES J.M. IGLESIAS, S.L.	83,21
13	UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A. E ALVAC, S.A.	79,35

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (“cando o prazo de garantía ofertado polo adxudicatario sexa superior á media dos ofertados polos licitadores admitidos”) do 4,63 % do importe de adxudicación sen IVE (27.018,32 euros).

Quinto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 833,56 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

**b) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Álvaro Cunheiro (fase 1) (3970-440)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir ás empresas que deseguido se relacionan por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas, segundo os informes asinados polo enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos o 5 de decembro de 2016:

1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.
2. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES PÉREZ, S.L.
3. ACCIONA INFRAESTRUCTURAS, S.A.
4. UTE EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO S.A. - ALVAC
5. ELSAMEX, S.A.
6. COPCISA, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

7. UNIKA PROYECTOS Y OBRAS, S.A.U.
8. HORDESCON, S.L.
9. PROYECON GALICIA, S.A.
10. CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
11. CONSTRUCTORA SAN JOSÉ, S.A.
12. CONSTRUCCIONES VALE, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde descendente:

	<b>Empresas</b>	<b>Puntuación</b>
1	ORECO, S.A.	<b>85,82</b>
2	CIVISGLOBAL, S.L.U.	<b>81,57</b>
3	AVAN INTEGRAL, S.L.	<b>81,10</b>
4	S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS COPASA	<b>79,66</b>
5	ORESA, S.L.	<b>78,77</b>
6	UTE 03 SERVICIOS Y CONTRATAS, S.L. - OGMIOS PROYECTO, S.L.	<b>78,16</b>
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	<b>78,08</b>
8	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A.	<b>77,66</b>
9	UTE CONST. OREGA SL- CONST. DELFIN FERREIRO RODRIGUEZ, S.L.	<b>76,21</b>
10	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. - COPSESA	<b>75,25</b>
11	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	<b>74,29</b>
12	UTE ACEVI Y MONTAJES IGLESIAS	<b>72,58</b>
13	JOCA INGENIERIA Y CONSTRUCCIONES, S.A.	<b>70,10</b>
14	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	<b>67,90</b>
15	GEOXA GENERAL DE CONSTRUCCIONES, S.L.	<b>20,68</b>

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do PCAP.
5. Resgardo da garantía complementaria esixible de acordo co disposto no apartado 10B das FEC do PCAP (*"cando a oferta adxudicada, se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

valoración.”) do 5 % do importe de adxudicación sen IVE.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 623,18 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación das obras de instalación de pavimentos deportivos elásticos na pista vermella do complexo deportivo das Travesas e no pavillón polideportivo de Teis (15265-333)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

Licitador	Prezo lote 1	Prezo lote 2	Incremento garantía lote 1	Incremento garantía lote 2
DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	110.231,00	124.025,00	96	96
MONDO IBÉRICA, S.A.	93.868,17	98.631,94	72	96
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	107.278,25	112.721,74	120	120
GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	97.889,00	94.259,00	60	60

Non asiste público á sesión.

Á vista das ofertas presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade:

1. Excluir á empresa DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. por exceder o prezo formulado na súa oferta, tanto para o lote 1 “*Instalación de pavimento deportivo elástico na pista vermella do complexo deportivo das Travesas*” como para o lote 2 “*Instalación de pavimento deportivo elástico no pavillón polideportivo de Teis*”, do orzamento base de licitación (cláusula 13.5C) do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación). Segundo o apartado 3 do Anexo I -FEC- do prego, o prezo con IVE do lote 1 é de 107.278,25 euros e o do lote 2 é de 112.721,74 euros.
2. Solicitar informe sobre a documentación económica ao servizo xestor.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 09:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 9 de decembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





## CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

A secretaria da Mesa de Contratación  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 07:40	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AC48-E2BB39-BAD3CC-5XSGED-YB2XKZ-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		